



Resolución do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de catro prazas do corpo auxiliar (grupo D) do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, pola cal se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio.

O tribunal nomeado pola Resolución da Presidencia do 12 de febreiro de 2025 (*BOPG* número 157, do 13 de febreiro de 2025) para cualificar o proceso selectivo para a provisión de catro prazas do corpo auxiliar (grupo D) do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, convocado polo Acordo da Mesa do Parlamento do 24 de xullo de 2024 (*DOG* número 174, do 10 de setembro de 2024), na súa reunión do día 26 de xuño acordou que **o segundo exercicio terá lugar o sábado, día 13 de setembro do ano 2025 ás 10.00 horas, no edificio do Parlamento de Galicia na rúa Hórreo nº 63 de Santiago de Compostela en chamamento único.**

O tribunal publicará na web do Parlamento unha nota coas instrucións relativas ao desenvolvemento deste segundo exercicio.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2025

A presidenta do tribunal